



Diario de La Coruña

La Coruña : [s. n., 1808-1814] (Oficina de Cándido Pérez Prieto)

v. ; 22 cm.

Publicación seriada máis antiga que conserva a Biblioteca de Galicia. É un dos primeiros periódicos editados en Galicia.

Revista económica : Periódico agrícola, artístico y comercial de la Sociedad de Amigos del País de Santiago

Santiago de Compostela : la Sociedad, 1859-1864. Imp. de José R. Rubial)

v. ; 29 cm. - Quincenal

N. 1 (10 nov. 1859) -n. ? (20 dec. 1864)

Publicación de ámbito local máis duradeira antes da aparición da prensa diaria. A Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago foi creada por Real Cédula de Carlos III do 23 de setembro de 1784, coa finalidade de aplicar as novas ideas e coñecementos científicos derivados da Ilustración. Cómpre lembrar que a Sociedade Económica foi o berce da Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Santiago —que co tempo se converteu en Caixa Galicia—, do Ateneo de Santiago, a Escola de Artes e Oficios, o Conservatorio de Música, a Escola de Debuxo e outras institucións académicas, benéficas e culturais. No ano 2016 os fondos da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago foron depositados no Arquivo de Galicia para garantir a súa conservación e posta á disposición de investigadores e cidadáns.

Galicia : revista del Centro Gallego de Buenos Aires : mutualidad, cultura, beneficencia.

Buenos Aires : Centro Gallego, 1926-

v. ; 27 cm. il.

A revista "Galicia", decana das publicacións galegas na diáspora con máis de nove décadas de vida, é o órgano de comunicación do Centro Gallego de Buenos Aires. Comezou a editarse o 1º de xaneiro do ano 1913 baixo a presidencia de D. Laureano Alonso Pérez e ao amparo da antiga Comisión de Cultura, co nome de "Boletín Oficial del Centro Gallego", e nesa primeira aparición se fundamentaban as bases da súa existencia con estas verbas : ". . . desde hoy, será el amigo fiel que, una vez por mes, visitará a todos y cada uno de los socios llevando en sus páginas los triunfos, los éxitos, las satisfacciones de la sociedad, instituida para el mutuo amparo y sostén de los hijos de Galicia radicados en la República Argentina, y para defender el buen nombre de la patria y de la región cuantas veces fuere preciso".



A partir do n. 302 (marzo 1938) subtitúlase : Revista del Centro Gallego.
E continuación de : Boletín oficial del Centro Gallego de Buenos Aires.

Número adicado á morte de Castelao da máis importante revista galega da emigración.

Ilustração portuguesa

Lisboa : Empresa do Jornal O Seculo, 1903-1993

v. : il. ; 29 cm

Semanal. - N. 1 (9 nov. 1903) -n. ? [1993]

Unha das revistas ilustradas portuguesas máis importantes do primeiro cuarto do século XX. O número que conserva a Biblioteca de Galicia inclúe a reportaxe "A Galliza pittoresca".

Exemplares da coleccións de Lar e Céltiga

Céltiga foi unha editorial creada polas Irmandades da Fala de Ferrol en 1921 co obxectivo de publicar obras galegas en prosa, cubrindo así o baleiro que se observaba respecto á relativamente ampla produción poética. Pechou durante a ditadura de Primo de Rivera en 1923. Son moi caracterísiticas as súas interesantes cubertas, de diversos debuxantes galegos.

A editorial Lar xurdiu na Coruña como continuadora da Editorial Céltiga. Publicou con periodicidade irregular, de 1924 a 1928, unha colección de novelas curtas. Estaba dirixida por Leandro Carré Alvarellos e administrada por Ánxel Casal. A capa da colección estaba deseñada por Camilo Díaz Baliño empregando distinto cores. Cesou en 1928, dando paso á Editorial Nós.

Folletos

A Biblioteca de Galicia tamén custodia unha importante colección de folletos nos que se ofrece información das máis diferentes materias. Seleccionáronse tres exemplares destacados pola súa vinculación coa cultura e o turismo.